



## o pequeno é fermoso e importante

As charcas son pequenas masas de auga, permanentes ou temporais, de gran valor ambiental e de elevada fraxilidade.

Estes ecosistemas albergan poboacións de algas, plantas acuáticas, anfibios, e invertebrados como as libeliñas que precisan deste medio para vivir ou completar o seu ciclo vital, ademais son corredores biolóxicos que incrementan a conectividade entre hábitats. Moitas destas zonas húmidas constitúen importantes elementos patrimoniais e son espazos cun gran potencial para a educación ambiental e a investigación.

Porén, a pesar da súa importancia, estes ecosistemas e os seus beneficios son a maioría das veces descoñecidos pola ciudanía, o que remata nunha ameaza constante e na súa desaparición.

Coa intención de difundir os valores das charcas e de contribuír á súa conservación nace o proxecto Charcas con vida.

Os pequenos humedais albergan especies moitas veces descoñecidas

# charcas con vida

Iniciativa



proyecto  
ríos

Coa colaboración de



Idea



+info  
[www.charcasconvida.org](http://www.charcasconvida.org)  
[www.adega.info](http://www.adega.info)  
tlf. 981 57 00 99  
[charcas@adega.info](mailto:charcas@adega.info)

foto: Ramsés Pérez. Deseño: magenta



# charcas con vida

estudo e conservación de charcas





## conserva a túa charca

Charcas con vida é unha iniciativa que nace coa intención de difundir os valores das charcas e de contribuír ao seu estudo e conservación. Pretende achegar solúções ao problema de desaparición de charcas e da biodiversidade que acollen.

É un proxecto dirixido a toda a cidadanía no que poden participar asociacións, centros de ensino, amigos, familias, etc.

Conta con tres liñas de actuación:

- Divulgación da importancia e dos valores das charcas
- Creación dunha rede cidadá para o estudo e inventariado de charcas
- Actuacións de construcción e recuperación de charcas mediante acordos de custodia do territorio e voluntariado ambiental

As pequenas charcas acollen unha elevada biodiversidade



A inspección de charcas é unha actividade aberta a calquera persoa ou grupo

O inventariado de charcas permite coñecer a distribución e estado das charcas galegas

## divulgación

A iniciativa Charcas con vida conta con diferentes materiais divulgativos para o estudo de pequenas zonas húmidas. Ademais, organiza actividades como xornadas divulgativas, encontros ou saídas formativas para dar a coñecer estes ecosistemas, os seus valores e mais os seus beneficios.

## inventario

A participación no proxecto Charcas con vida concrétese na realización de dúas inspeccións ao ano para comprobar o estado da charca e coñecer a súa biodiversidade. Ademais, organiza actividades como xornadas divulgativas, encontros ou saídas formativas para dar a coñecer estes ecosistemas, os seus valores e mais os seus beneficios.

Tamén podes participar sumando as charcas ou puntos de auga que coñezas no Inventario Galego de Charcas, unha aplicación online á que podes acceder na web do proxecto e onde de xeito sinxelo podes sumar charcas ao inventario. [www.charcasconvida.org](http://www.charcasconvida.org) Apartado: Inventario de charcas

## voluntariado ambiental e custodia do territorio

A creación e recuperación destes hábitats tense demostrado como un método sinxelo e eficaz que implica múltiples beneficios. Por isto, alén do estudo e inventariado, outro obxectivo de Charcas con vida é desenvolver actuacións de creación e recuperación de puntos de auga, enmarcadas en acordos de custodia do territorio e co apoio do voluntariado ambiental.

Charcas con vida realiza o deseño de novas charcas coerentes co seu contorno e nas que se crean microhábitats axeitados para a biodiversidade do lugar. Outra liña de actuación é a recuperación de pequenas zonas húmidas que teñan algún tipo de problema (colmatación, abandono, falta de auga, etc).

Para levar adiante estas actuacións asínanse acordos de custodia do territorio con propietarias e propietarios de terreos onde se atopen as charcas, co que se suman persoas no labor de conservación do noso patrimonio natural e cultural.

Charcas con vida facilitará un manual de creación e recuperación para axudar nesta tarefa.